

BRANCA DE NEVE

Branca de Neve, que vivía na costa norte galega, era unha moza de case dezoito anos. Sempre fora unha rapaza do máis especial e non se conformaba con calquera cousa. Ao longo da súa vida, como boa observadora, fora percibindo comportamentos ao seu redor que non lle parecían os adecuados. A raíz diso, decidira que ela mesma se encargaría de cambiar certas situacións inadmisibles para que dese xeito a sociedade avanzase do xeito adecuado.

De primeiras, non tivera unha infancia fácil xa que, coa idade de cinco anos, o seu pai falecera aínda bastante xove. Anos máis tarde, a súa nai coñeceu a outro home e se casaron. Este, era completamente diferente dependendo da situación na que se atopara. Coa nai presente, actuaba como o marido e o padrastro perfect, mais na ausencia desta portábase de maneira horrible coa pobre nena. Ao principio, Branca chegaba a pensar en ocasións que ela era a culpable mais noutras non entendía o por que do comportamento daquel home que semellaba non coñecer en absoluto. De pequena, o único que facía nesas situacións era chorar cando el pegábaa mais co paso dos anos, na súa etapa adolescente, decidiu falar coa súa nai. Non obstante, esta estaba tan embaucada polo seu marido que simplemente ignorou o que Branca lle dixo, optando por non crela ou ignorando a realidade. Sen dúbida, o único que aliviaba a rapaza era pensar en que en soamente uns meses iría á universidade. Esa personalidade observadora levouna a desexar ser psicóloga nun futuro para así poder axudar á xente cos seus problemas. De feito, ía cumprir o seu sono e ía a estudar en Santiago de Compostela. Ademais, pensar en irse da casa, dáballes certa tranquilidade porque deixaría de ver ao seu padrastro. Iso era algo do que se ía encargar porque non podía deixar que Francisco saíra ileso tras o que lle fixo dende cativa. Sabía que, aínda que por desgraza, a situación na casa resultaba ser unha de moitos nenos e nenas.

No ámbito escolar, a cousa non se quedaba atrás. O bullying entre estudantes era algo que ocorría a diario e aínda que ela non o sufría directamente, si que trataba de impedilo cando o observaba. A xente ate chegaba a sentirse superior por diferenza de nacionalidade e ela sabía que o racismo tampouco era algo que se puidera tolerar. Todo isto e máis, eran sucesos do día a día e a medida que os anos pasaban ela observaba que a xente parecía non madurar e seguían facendo as mesmas cousas estúpidas sen remordimento algún.

Chegou o gran momento de mudarse de cidade para comezar os seus estudos de psicoloxía na capital galega. Estaba emocionada e sen dúbida adaptouse bastante rápido e estaba moi contenta. Non obstante, a medida que os días pasaban e o seu grupo de amigos ía coñecéndose mellor, observou cousas que non lle agradaban. Estaba formado por sete rapaces e cinco rapazas. A primeira vez que isto sucedeu, tivo lugar nunha festa que fixeron no piso dos rapaces. Un deles tentaba incitar aos demais a consumir drogas e acabou ate

por convencer a Branca, algo do que finalmente se arrepenheu moitísimo xa que era consciente de que iso o único que lle provocaba era evadir a propia realidade sumando os efectos nocivos para a súa saúde. Ademais, algúns dos seus amigos chegaban a ser violentos entre eles por mor dasas sustancias Pouco a pouco foi observando actitudes estrañas dos seus amigos. En ocasións, algún soltaba comentarios machistas e ata homófobos por no mencionar os racistas. Esas situacións enoxaban moitísimo a Branca e sempre lles chamaba a atención por dicir cousas dese estilo. Non obstante, os comentarios non cesaban por máis que lle incomodaran a ela ou a calquera outra persoa. Por outra banda, varias das súas amigas eran consumistas con todas as letras e parecía que non sabían máis que comprar, comprar e comprar. Logo, de xeito xa xeneralizado observaba toda a suciedade que chegaban a acumular os estudantes nas residencias.

Pasaron os anos e Branca de Neve xa tiña un importante cargo como psicóloga na consulta que tenía en conxunto coa súa compañeira de carreira Alba. Eran moi coñecidas na cidade polo que esa consulta gozaba de gran popularidade. Ademais diso, no que se refire ao ámbito familiar, a súa nai conseguira decatarse de como era o home co que estaba casada y tomou a decisión de deixalo. A raíz disto, a relación entre nai e filla mellorou progresivamente e se apoiaban mutuamente.

Polo tanto, pódese observar que hay sete graves problemas da sociedade nesta historia: xenofobia ou racismo, machismo, consumismo, contaminación, homofobia, drogas e mais a violencia. De maneira simbolista, esta historia trata de representar estes problemas sociais da actualidade como “Os 7 ananiños” de Branca de Neve.